

VECIÑANZA APOIA A DEMANDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE TEAÑO: CON FIBRA ÓPTICA PERO SEN SANEAMENTO

- *Así ilustran os veciños e veciñas da aldea de Teaño a discriminación que padecen por parte do Concello de Cuntis e o incumprimento reiterado das promesas do Alcalde.*
- *Veciñanza esixirá no vindeiro pleno municipal o investimento necesario no saneamento de Teaño para rematar cunha carencia histórica que a propaganda do Alcalde non pode solventar.*

Cuntis, 17 de abril de 2021

Os veciños e veciñas da aldea de Teaño poñen **de manifesto as carencias da xestión do Alcalde de Cuntis e a nula fiabilidade das súas promesas**. Fixérono a través do Rexistro Municipal nun escrito asinado pola práctica totalidade dos domicilios do lugar de Teaño (parroquia de Estacas). As queixas débense á **carencia de saneamento** que o actual goberno perpetúa nesta e nalgúns outros núcleos do rural cuntese, mentres abusa do autobombo e da propaganda das súas promesas.

A aldea de Teaño carece de instalacións de saneamento público, malia que **foi xa a comezos da lexislatura pasada cando nunha reunión cos veciños e veciñas o Alcalde Manuel Campos comprometera este investimento**. Tanto é así que a reclamación procede de hai varias décadas, cando na concentración parcelaria se destinara xa unha parcela de masa común para a construción dunha depuradora. Aluden as veciñas de Teaño, no seu escrito, **aos problemas de saúde pública, cheiros e riscos sanitarios que supoñen os pozos individuais** e fan referencia a unha normativa comunitaria europea de 1991 que insta ao saneamento total do territorio.

O escrito, remitido polos/as asinantes tamén ao Grupo Municipal de Veciñanza, fai referencia ás apelacións de dinamización do rural que habitualmente se proclaman dende as institucións e o contraste que supón a inoperancia do Concello de Cuntis nesta materia. **Para ilustralo, empregan a ironía de que ben entrado o século XXI, terán antes conexión de fibra óptica que rede de saneamento**.

Os veciños e veciñas de Teaño (Estacas) quéixanse da indiferenza do Alcalde e o incumprimento reiterado das súas promesas en cuestións tan importantes, e avisan de que recorrerán a instancias superiores en defensa da súa xusta reclamación, entendida esta como un **dereito básico de obriga municipal**.

Este exemplo é **mostra do descontento veciñal coa actitude do Alcalde de Cuntis e do seu grupo de goberno, instalados no abuso da propaganda mentres desoen as demandas máis elementais especialmente do rural cuntese**. Irrita especialmente entre a xente unha maneira de gobernar





na que prima a arrogancia e unhas prioridades no gasto público máis centradas en intereses partidistas que no ben común.

Veciñanza apoia a reclamación veciñal e entende o descontento oficializado agora no Rexistro Municipal. O noso grupo na Corporación daralle, como é costume, cobertura e difusión ao expresado e esixirá no vindeiro pleno municipal o compromiso de investimento no saneamento de Teaño para rematar cunha discriminación histórica desta aldea da parroquia de Estacas.

